



24 HORAS EN GALEGO **28 de febreiro de 2007**

- **Quen pode participar?**

Toda a comunidade educativa da EOI. Haberá tres seccións: alumnado, profesorado e persoal non docente.

- **Cando?**

Unha vez por trimestre. A segunda edición deste curso será o 28 de febreiro.

- **Que teño que facer?**

1.- Simplemente, falar o galego! Contribúe a que durante 24 horas o galego sexa a lingua de todos nós, dentro e fóra da EOI. O día 28 de febreiro, fala o galego con todo o mundo, en todos os ámbitos e en todos os sitios a onde fores:

- na casa: coa túa parella, cos teus pais, cos teus fillos, cos familiares, cos amigos...
- no traballo: cos compañeiros, cos xefes, cos clientes, co público...
- na escola: cos mestres, cos compañeiros, co persoal...
- nos servizos: nas oficinas, nas tendas, no banco, no médico, na administración...
- no teu tempo de lecer: nos restaurantes, nos bares, no cinema, nun concerto...

2.- Anota as sensacións que vas vivindo e o que che vai pasando en cada lugar. A táboa das horas que preparamos axudarache a levar a conta das túas experiencias. Como reacciona a xente nos distintos ámbitos?

3.- Reflexiona sobre a túa experiencia. Se non falas o galego habitualmente, que sentiches ao falar outra lingua? Se falaches o galego en lugares e situacións nos que non o empregabas habitualmente, cales foron as reaccións dos teus interlocutores? En que contextos che foi máis difícil cambiar a túa lingua habitual? O cuestionario que achegamos axudarache a pensar sobre estas e outras cuestións.

4. Cántanolo! Escribe un texto sobre a túa experiencia e participa no concurso.

- **Onde e cando entrego o relato da miña experiencia?**

Na conserxaría da EOI, ata o venres día 7 de marzo.

- **Que podo gañar?**

Falar o galego 24 horas compensa! O relato gañador recibirá un agasallo. Ademais, os gañadores de cada edición optarán a un premio final de 100,00 €.

- **Quen escolle os relatos gañadores?**

O xurado composto por un membro de cada departamento didáctico dos que integran o Equipo de Normalización Lingüística e mais un representante do alumnado.

- **Que pasa depois?**

Para compartir esta experiencia co resto da comunidade escolar os gañadores de cada edición serán convidados a participar nunha mesa redonda que se realizará no último trimestre do curso.